

A nosa referencia: 10 ADL

Asunto: Informe sobre a documentación aportada pola empresa proposta como adxudicataria para xustificar a baixa no prezo e a solvencia técnica e a adscrición de medios para a execución do lote nº 2 “*Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios durante o desenvolvemento da Romaría Galaico Romana Galaicoi*” no contrato mixto de servizos e subministracións para a organización do mercado Galaico - Romano Galaicoi e a dotación das infraestruturas necesarias para a realización da IV Romaría Galaico Romana “Galaicoi” (19, 20 y 21 de xullo de 2019)

Expediente: 2019/C004/000013 TEdC.

1. Antecedentes

- A mesa de contratación, na súa sesión de 3 de xullo de 2019, que reanudaba a iniciada o día 1 dos correntes, propón a adxudicación do lote nº 2 “*Alugueiro, instalación, mantemento e retirada de servizos químicos sanitarios*”, á empresa “Suministros Generales Manufacturados, S.L.”, requiríndoa mediante comunicación electrónica para que aportase a documentación xustificativa de que dispoñía efectivamente dos medios que se comprometeran a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP, no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da comunicación. A estes efectos, deberían presentar a documentación contemplada na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Asemade, a mesa acordou outorgar á empresa “Suministros Generales Manufacturados, S.L. (SUGEMA)” un prazo de cinco días hábiles para que xustificase a súa oferta, acompañando a documentación á que se refire a cláusula 16.3.4 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aplicable ao presente contrato, e art. 159.4, punto 4, da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público. De conformidade co anterior, dentro do prazo concedido ao efecto, debería presentar para xustificar a oferta, por medios electrónicos, e asinada electronicamente, a seguinte documentación: xustificación de prezos ofertados e relación polo miúdo dos medios materiais e persoais propios dos que dispón o licitador.
- O día 9 de xullo de 2019 a empresa “Suministros Generales Manufacturados, S.L.” presentou a través da Plataforma de Contratación do Sector Público documentación xustificativa do prezo da oferta e relación de medios materiais e persoais propios dos que dispón o licitador, incluíndo nestes últimos informe de vida laboral dun afiliado e inventario de activos do exercicio 2019 da empresa. Achega tamén polo mesmo medio certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa Aeat, certificado de non ter débedas con Axencia Tributaria de Galicia, certificado de situación no censo de actividades económicas da Aeat, certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) e xustificante de ingreso da garantía.
- O día 10 de xullo de 2019 a empresa “Suministros Generales Manufacturados, S.L.” presentou na sede electrónica do concello de Cambre co nº de rexistro de entrada 201999900001027 a declaración de adscrición de persoal á adxudicación do contrato, copia dos contratos de traballo das persoas adscritas á execución do contrato, declaración de adscrición de material para a execución do contrato, acompañada de facturas de compra e inventarios de activos da empresa do exercicio 2019.

2. Lexislación aplicable

- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (RGLCAP), en todo o que no se opoña á LCSP nin fora afectado pola súa disposición derogatoria.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

3. Obxecto do informe

O obxecto deste informe é valor a documentación aportada pola empresa para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos e a suficiencia dos medios persoais e materiais adscritos á execución do contrato.

A documentación aportada pola empresa obxecto de valoración é a seguinte:

- Escrito xustificativo do prezo da oferta.
- Informe de vida laboral dun dos traballadores adscritos á execución do contrato.
- Inventario de activos do exercicio 2019 da empresa.
- Certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa Aeat.
- Certificado de non ter débedas con Axencia Tributaria de Galicia.
- Certificado de situación no censo de actividades económicas da Aeat.
- Certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE).
- Xustificante de ingreso da garantía.
- Declaración de adscrición do persoal á adxudicación do contrato, conforme ao anexo V.
- Copia dos contratos de traballo das persoas adscritas á execución do contrato.
- Declaración de adscrición de material para a execución do contrato, conforme ao anexo VI.
- Facturas de compra e inventarios de activos da empresa do exercicio 2019.

4. Valoración da documentación aportada pola empresa para xustificar a súa oferta

No escrito presentado pola empresa indicase que Suministros Generales Manufacturados, S.L. (SUGEMA) desenvolve a súa actividade principal dende a cidade de A Coruña, ostentando a propiedade da totalidade dos sanitarios e camiões cisterna necesarios para o transporte dos sanitarios, polo que non precisa de incorrer en custes adicionais para a prestación integral do servizo nin na subcontratación a terceiros de ningunha outra prestación accesoria para o cumprimento do contrato, permitíndolle esta situación realizar a instalación, mantemento e retirada dos servizos hixiénicos sanitarios nas condicións indicada no prego, xunto coa xestión dos residuos xerados para o seu posterior tratamento, ofrecendo un prezo axustado e respectando todas as garantías esixidas.

Acompaña relación de medios materiais e persoais propios dos que dispón o licitador, no que xunto co informe de vida laboral dun traballador se inclúe inventario de activos do exercicio 2019 da empresa, figurando na súa conta de inmovilizado 21600000 diversos modelos de sanitarios e inodoros, entre outros activos, na súa conta de inmovilizado 21300000 unha máquina de presión,

unha hidrolimpiadora, un compresor e un aspirador, entre outros activos, na súa conta de inmovilizado 21800000 un vehículo marca Mercedes Benz Sprinter, un vehículo industrial, unha bomba cisterna furgón, un camión marca Iveco, unha cisterna camión, dous leasing de vehículos, entre outros activos, e na conta de inmovilizado 21900000 material vario, adornos, bases de aceiro, vallas, e accesorios varios, entre outros activos.

Polo anteriormente exposto considerase, a xuízo destes servizos técnicos, axeitada a xustificación realizada en relación á oferta económica presentada pola empresa Suministros Generales Manufacturados, S.L. (SUGEMA).

5. Valoración da suficiencia dos medios persoais e materiais adscritos á execución do contrato

Segundo o establecido na cláusula 17.1.11. do Prego de cláusulas administrativas particulares relativo á acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais necesarios para a execución do contrato, en relación co Anexo IV.2 “Relación de medios persoais e materiais requiridos para a execución do contrato” para o lote nº 2 do mesmo Prego, os medios mínimos e a forma de acreditar a súa adscrición á execución do contrato é a seguinte:

Medios			Forma de acreditar	Sugema
Medios persoais			Relación de adscrición segundo o modelo contido no Anexo V	PRESENTA. CUMPRE. Adscribe 2 traballadores, operarios, montadores / interlocutor
Tipo de profesional	Nº mínimo	Especificacións (no seu caso)	Medios persoais:	
Interlocutor/montador/a	1		1. Copia do contrato formalizado ou, no seu caso, do documento asinado con cada un dos compoñentes do equipo de persoas que executará o servizo comprometéndose a traballar no servizo adxudicado á empresa.	PRESENTA. CUMPRE. Aporta contrato de traballo dos 2 traballadores que adscribe
			2. Informe de vida laboral dun código conta de cotización, respecto aos traballadores de plantilla que executarán o contrato.	PRESENTA. CUMPRE. Aporta informe de vida laboral dun dos traballadores que adscribe
			3. Respecto aos traballadores que executarán o contrato, e que non estean integrados na empresa: a) Alta no réxime da Seguridade Social correspondente. b) Alta no censo de actividades económicas. c) Contrato formalizado ou documento asinado coa empresa adxudicataria onde conste de forma expresa a dedicación ao mesmo.	NON APLICA.

Medios		Forma de acreditar	Sugema	
Medios materiais		Relación de adscripción segundo o modelo contido no Anexo VI	PRESENTA. CUMPRE. Adscribe 4 sanitarios estándar, 2 para persoas con mobilidade reducida, 9 vallas, 1 camión e 1 cisterna, 1 hidrolimpiadora, e 1 camión con rampa, incluídos no inventario da empresa e materiais de reposo e produtos de limpeza documentados en facturas	
Medios	Nº mínimo			
Servizos hixiénico sanitarios químicos estándar para homes e mulleres	4			
Servizos hixiénico sanitarios químicos para persoas con mobilidade reducida	2			
Vehículo con plataforma elevadora que facilite a carga e descarga	1			
Máquina hidrolimpiadora de auga a presión	1			
Elementos decorativos e de valado que permitan delimitar os grupos de sanitarios que se instalen	Non se fixa un número mínimo, pero deberán ser suficientes		Medios materiais: <ul style="list-style-type: none"> Poderán acreditarse mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións. 	PRESENTA. CUMPRE.
Material de reposo para poder efectuar a reparación ou substitución dos elementos avariados ou defectuosos	Non se fixa un número mínimo, pero deberán ser suficientes		<ul style="list-style-type: none"> De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria. 	PRESENTA. CUMPRE.
Produtos de limpeza	Non se fixa un número mínimo, pero deberán ser suficientes	<ul style="list-style-type: none"> Asemade poderá acreditarse mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente. 	NON APLICA.	
		<ul style="list-style-type: none"> Nembargante, poderá acreditarse por calquera outro medio de proba que demostre de forma fehaciente a titularidade ou dispoñibilidade de ditos medios materiais para o servizo obxecto do presente contrato 	NON APLICA.	

Unha vez comprobada e analizada a documentación aportada pola empresa Suministros Generales Manufacturados, S.L. (SUGEMA) sobre os medios persoais e materiais que van e empregar na execución do contrato do expediente 2019/C004/000013, os mesmos son CONFORMES e AXUSTADOS ao indicado no Anexo IV "Relación de medios persoais e materiais requiridos para a execución do contrato", quedando acreditados conforme á cláusula 17.1.11. do Prego de Prescricións Administrativas que rexen a presente contratación.

6. Consideración acerca da solvencia técnica

Non procede pronunciarse sobre a solvencia técnica da empresa toda vez que na cláusula 17.1.5. do Prego de Prescricións Administrativas se dispón que "**Solvencia, cando non sexa esixible a clasificación e, en todo caso, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea. O licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica, mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira e a solvencia técnica que se indican na mesma Cláusula 10**", contemplando a referida cláusula en canto á Solvencia técnica e profesional (10.2.b) que "**Únicamente deberán declarar primeiro, e acreditar despois, o cumprimento do presente requisito de solvencia técnica e profesional, aqueles licitadores que presenten oferta ao lote nº 1, así como aqueles licitadores que presenten oferta a máis dun lote, sempre que a suma do valor estimado dos lotes aos que se presente superen o importe de 35.000,00 €, non sendo necesario en caso contrario**".

En Cambre, na data da sinatura electrónica,

O técnico en promoción económica
José Luis González Cardalda